

# Historia dun automóbil

XOSÉ MARÍA VEIGA FERREIRA\*




Fig. 1.- O automóbil Buick da Familia Couceiro en Vigo, 1934. Sentada no estribo, M<sup>te</sup> Teresa Couceiro. Dentro, Elvira Couceiro.

Hai algún tempo María Luísa Couceiro faloume dun coche que tivera a súa familia polos anos trinta, do que conservaban unha vella fotografía e diversa documentación. O interés da documentación, así como as cousas que del me contaron, merecían que se escribira algo ó respecto.

Comenza esta historia o 11 do mes de xaneiro de 1933 cando D. Luís, D. Jesús, D<sup>a</sup>. Elvira e D<sup>a</sup>. María Couceiro mercan a partes iguais un coche de segunda man (xa con algo máis de 15.000 Km.) a D. Felipe García da Coruña (1).

\* Xosé María Veiga Ferreira, betanceiro, é Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago e actualmente traballa no Arquivo Municipal de Betanzos.

Era un turismo marca Buick, con número de matrícula C-3136, de 26 caballos de potencia; xa para daquela un modelo non moderno, pero dunha liña moi elegante, con cabida para sete persoas en tres filas de asentos (dúas prazas na primeira e segunda fila e de tres na terceira).

Era dos poucos automóviles que había en Betanzos, aínda que xa quedaba algo lonxe a chegada daqueles dous primeiros do Sr. Carro e de D. Jesús García, aló polo ano 1909 (2).

Mais xa empezaban a cruzar este "rin-

(1) Recibo de compra, conservado no Arquivo da Familia Couceiro (AFC).

(2) Recollido do periódico local *La Aspiración*, n<sup>o</sup> 307 de 18-VIII-1909. Arquivo Municipal de Betanzos (AMB).



Fig. 2.- A Praza do Campo nos primeiros anos da década dos trinta.

concito mágico", como nos di, con fina ironía e bo humor, "Silvano de Leonisa" nun curioso poema titulado "Automovilística" (3):

*Me preguntas, caro Teónimo,  
en tu misiva del sábado,  
si cruzan los automóviles  
este rinconcito mágico.  
A pregunta tan poética,  
y hecha por un ser seráfico,  
es muy razonable y lógico  
que le dedique unos párrafos,  
aunque mi modesta peñola  
no escriba allá en lenguaje ático.  
Muy bien, perfumado místico,  
cual odorífero bálsamo,  
te diré que autos de múltiples  
formas, y con paso rápido,  
cruzan nuestras calles fétidas,*

*dejándonos, casi, extáticos.  
Son, en extremo, bellísimos;  
pero, ¡ay!, amigo romántico,  
que esos ligeros vehículos,  
lentos de furor satánico,  
van dejando estela trágica,  
al pasar, cual otro bárbaro  
Atila; y en su venática  
carrera estropean, impávidos,  
toda clase de cuadrúpedos,  
bípedos ... y otros espárragos.  
Ya lo ves: con esta música,  
que infunde pavor al ánimo  
más denodado é intrépido,  
que se pasee cualquier zángano,  
si no quiere quedar fúnebre (!)  
debajo de algún neumático.  
Y la culpa, amado Teónimo,  
de tan dramático escándalo,  
la tienen estos municipales,  
chachareros diplomáticos.*

(3) *La Aspiración*, nº 361 de 7 de agosto de 1910 (AMB). "Silvano de Leonisa" era o pseudónimo de D. Francisco Vales Villamarín. Véxase ERÍAS MARTÍNEZ, Alfredo. *Vales Villamarín. Lembranza no centenario do seu nacemento 7-5-1891 / 1991*. Betanzos 1991, p. 10.



Fig. 3.- O aparcamento non parece ser, de momento (anos 30), un problema en Betanzos.

Pouco a pouco o número deles fora aumentando, chegando a 51 os existentes en Betanzos no ano 1933 (4).

É de supoñer que o tráfico non estivese moi conxestionado, pero xa se atisbaba un novo problema que ían traer consigo: o do aparcamento. Así nunha sesión do Pleno Municipal do mes de decembro de 1934, o Sr. Méndez Vía plantexa este novo problema e pide se desconxestionen de coches, sobre todo os días de feira, as avenidas de Jesús García, Linares Rivas e a rúa do Valdoncel, proposta á que resposta o Sr. Presidente D. Víctor Cancela Nogueiro con gran visión de futuro (5):

*"...lo de los coches, va a ser imposible, pues en la plaza de los Hermanos García Naveira no caben el gran número de vehículos que concurren a las ferias de esta ciudad, a pesar de que ocupan la mejor plaza de la población..."*

Pero sigamos coa nosa historia...

Ó día seguinte da súa compra empregan como "chauffer" a D. Manuel Naveira, polo haber mensual de 150 pts.(6)

Xurde a partir deste momento un gran agarimo do conductor polo coche. Encargábase D. Manuel de solventar os pequenos problemas de mantemento no garaxe da rúa de Quiroga, onde o limpaba e lle practicaba aceite e gasolina.

O consumo non era moi económico, andaba polos 20 litros de gasolina cada 100 Km., pero hai que dicir na súa descarga que os precios que rexían daquela distaban moito dos de agora. Mercábase na tenda de Núñez ou de Francisco Cabaleiro pola módica cantidade de 0,76 pts. o litro .

Para os problemas de mecánica recurría ós talleres de Venancio Soler ou o de Couto en Betanzos, sempre que non houbera que facer algún recambio, que

(4) AMB. Censos de gando e vehículos susceptibles de ser requisados polo exército. Sig. 328.

(5) AMB. Libros de Actas Capitulares ou do Pleno, Sesión de 26-XII-1934, Fol. 159. Sig. 50.

(6) AFC. Caderno de mensualidades recibidas por D. Manuel Naveira.

daquela era necesario acudir á axencia Buick da Coruña (7) ou ós talleres Blos, tamén da Coruña (8).

\*\*\*

Chegou a guerra do 36, e o que antes foran viaxes de pracer e traballo, pasaron a ser esporádicas viaxes oficiais para o exército, ou cortas separacións en datas sinaladas en que era requisado o coche por forzas da Garda Civil (9).

O momento máis difícil estaba aínda por vir: foi o día 8 de febreiro de 1937, en que o flamante automóbil, como se de un quinto se tratase é chamado a filas... "por ser necesario a las actividades del ejército", pasa a formar parte da "Jefatura de Transportes Militares de la 8ª División", co número de requisa 828 (10).

Xunto co coche quedou alistado tamén o conductor, pasando ámbolos dous ó servizo da "Delegación Italiana Presso", que tiña a súa residencia en Valladolid (11).

Poucos datos temos deste período, soamente algunhas tarxetas de fondas dos lugares por onde pasaban, entre as que se atopan algunhas de Burgos, Salamanca, Zaragoza, Vitoria ou Valladolid. Consérvanse tamén dúas cartas dirixidas a D. Jesús Couceiro dos primeiros tempos de ser alistados, onde D. Manuel relata as penas que pasaban (12). A primeira desde Valladolid, con data 4 de marzo de 1937, na que entre outras cousas di:

*"...las de quinto hay que pagarlas, llega uno de noche a los sitios y lo único que le dicen es que duerma en el coche y a comer a la cocina económica si la hay, yo hasta ahora no he pasado mal, lo único frío...lo del coche, hay que estar amarrado a él siempre porque si no me llevan hasta el chasis. Llegamos a Valladolid y me dicen que lo deje quedar en un patio, yo pedí meterlo en un garaje y me contestaron que si lo pagaba yo. Hasta que nos busquen sitio no tuve más remedio que llevarlo por dos días..."*

Noutra carta do 19 de marzo de 1937 tamén desde Valladolid, dinos con respecto ó coche:

*"...pudiendo llevar el coche útil para esa no me importaría gastar de mi bolsillo en los garajes o en pequeneces que necesita el coche, nada más que le practico gasolina y aceite, yo lo tengo bien engrasado y limpio, siempre busco medios para hacerlo...un saludo de su chofer."*

Pero o que o coche ía resistindo de momento, non o puido resistir D. Manuel, que acaba separándose del da única maneira en que era posible: coa súa morte, acaecida no mes de nadal de 1938 en Burgos (13).

Tra-lo fondo pesar pola morte de D. Manuel Naveira, solicitouse a devolución do coche por parte de D. Jesús Couceiro, solicitude que lle foi denegada, dada a "escasez manifiesta de vehículos de

(7) AFC. "Libro Registro de Efectos", no que se anotaban as viaxes, kilómetros, gastos e demais incidencias do vehículo.

(8) *Idem, Ibidem.*

(9) *Idem, Ibidem.*

(10) AFC. Número e oficio de requisa militar da "jefatura de Transportes Militares de la 8ª División. Servicio de Requisa", dado na Coruña a 7-II-1937.

(11) AFC. Folla de localización do vehículo do "Servicio de Automovilismo de la 8ª Región Militar".

(12) AFC. Cartas de D. Manuel Naveira dirixidas a D. Jesús Couceiro Núñez, nas datas de 4-III-1937 e 19-III-1937, ámbalas dúas dende Valladolid.

(13) AFC. Segúñ copia de nota militar.




Fig. 4.- Nº de requisa militar de 8-II-1937, dado pola "Jefatura de Transportes Militares de la 8ª División"

que se dispone para atender los múltiples servicios del Ejército" (14).

Coa perda do conductor veu irremisiblemente a falta de toda noticia sobre o vehículo. Fixéronse varias reclamacións e solicitudes ás autoridades militares pedindo noticias do seu paradeiro, pero todas infructuosas. Soamente, unha vez finalizada a guerra no mes de setembro de 1939, se recibe un comunicado da autoridade militar dicindo que o coche podía estar pola zona de Valencia (15).

Finalmente, no 1940 recíbese a noticia de que un coche con esas características aparecera en Barcelona, cando xa D. Jesús perdera toda esperanza de atopalo (16).

Confirmada a noticia da súa aparición,

e unha vez solventado-los trámites burocráticos necesarios, foi rescatado por un coñecido de D. Jesús, quen se encargou de facturalo nun vagón do tren, e de poñer ó seu propietario en antecedentes para que non levase ningún chasco cando o vise (17):

*"Como verá no se parece al que le requisaron (y eso que es el mejor que había en el campo de donde lo recogí) y además a pesar de mi interés enorme en conseguir piezas no lo he conseguido por las órdenes severísimas que tienen en automóviles de no entregar nada... Como verá he guardado las ruedas en dos jaulas para evitar se las quiten en el camino y además he precintado todo..."*

(14) AFC. Oficio do "Servicio de Automovilismo", nº 2589, negociado 4º de 4-V-1938.

(15) AFC. Folla de localización do vehículo do "Servicio de Automovilismo de la 8ª Región Militar".

(16) AFC. Non se conserva esta notificación, pero sí a referencia a ela noutros documentos, como na carta de D. Manuel Romeo (amigo persoal de D. Jesús) de 7-VIII-1940.

(17) AFC. Carta de D. Manuel Romeo de 19-IX-1940.

O cohe chegou á estación do Norte o 26 de setembro de 1940. Levantouse acta do seu estado por parte do secretario do Concello, quen reflexou nela o seguinte (18):

"...se procedió a revisar el material comprendido en la expedición número 3.474, de la Compañía de los Caminos de Hierro del Norte de España relativo al coche expresado, de la pertenencia del Sr. Couceiro Nuñez, resultando del exámen practicado que carece de las piezas siguientes: motor de arranque, carburador, bomba de gasolina, Delco, bujías, faros, bocinas, dos de aire y una eléctrica, porta-equipajes, porta-patentes, un limpia para-brisas, batería, ruedas de repuesto, cuatro estriteras, dos manivelas de las puertas, tres cristales, luces interiores, las dos defensas, tapa de radiador, bobina, desyuntor, cables de bujías, un tapa-cubos, marcador de la gasolina, tapa del depósito de la gasolina, toda la herramienta necesaria para el coche, manivela, toma de aire caliente, cinco cortinas, espejo interior, cantoneras de aluminio de las puertas, junquillos de la carrocería y una alfombra de caucho de la parte delantera."

A pesar de todo fóronse conseguindo os recambios necesarios, e gracias ó traballo de D. José Couto no seu taller da




Fig. 5.- Recibo da "Patente Nacional de Automóviles" que debía ser colocado en lugar visible nos coches.

rúa de Linares Rivas, puido voltar de novo a percorrer as rúas de Betanzos.

Aquí estivo ata o ano de 1944, no que foi vendido (por 13.000 pts.) a D. José García Senín veciño de Noia (19), quen despois duns amaños que consistiron, entre outras cousas, en poñerlle unha ringleira máis de asentos, e colocarlle uns bidóns de gasóxeno na parte de atrás, adicouno ó transporte de pasaxeiros da liña Santiago-Noia.

Foi por eses anos cando as rapazas da familia Couceiro, estudantes de Farmacia en Santiago, víano saír tódolos días de diante da súa casa na rúa da Senra, onde o coche tiña a súa parada. Con el íanse moitas cousas que só elas coñecían. Hoxe aínda o lembran con agrimo. ♦

(18) AMB. "Expediente instruído con motivo de la devolución de un automóvil, requisado para las necesidades de la última guerra civil, a Don Jesús Couceiro Núñez". Alojamientos, bagaxes, requisas e transportes militares. Sec. Servicios Militares. Sig. 5.416.

(19) AFC. Recibo de venda por parte de D. Jesús Couceiro a D. José García Senín veciño de Noia, de 9-III-1944.